

<b>Materia</b>	<b>HISTORIA DA ARTE</b>	<b>Curso</b>	2º BAC
<b>DEPARTAMENTO</b>	<b>XEOGRAFÍA E HISTORIA</b>		

## OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES

	<b>OBXECTIVOS</b>	<b>CONTIDOS</b>
1ª AVA	n d e m p g h	Bloque 1. Raíces da arte europea: o legado da arte clásica Bloque 1. Raíces da arte europea: o legado da arte clásica
2ª AVA	n d e m n p g	Bloque 3. Desenvolvemento e evolución da arte europea no mundo moderno Bloque 4. O século XIX: a arte dun mundo en transformación
3ª AVA	n e d g m h p i	Bloque 5. A ruptura da tradición: a arte na primeira metade do século XX Bloque 6. A universalización da arte desde a segunda metade do século XX

	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>MÍNIMOS ESIXIBLES</b>
1ª AVA	<p>B1.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte grega, en relación co seu contexto histórico e cultural.</p> <p>B1.2. Explicar a función social da arte grega, especificando o papel desempeñado polos/as clientes e artistas, e as relacións entre eles.</p> <p>B1.3. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte grega, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).</p> <p>B1.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte romana, en relación co seu contexto histórico e cultural.</p> <p>B1.5. Explicar a función social da arte romana, especificando o papel desempeñado polos/as clientes e artistas, e as relacións entre eles.</p> <p>B1.6. Clasificar, analizar e comentar obras</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Conceptos básicos da historia da arte.</li> <li>- As técnicas artísticas.</li> <li>- Rasgos específicos dos diferentes estilos.</li> <li>- Léxico específico.</li> <li>- Escolas, artistas e obras máis significativas.</li> </ul>

significativas da arte romana, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

B1.7. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.

B1.8. Respetar as creacións artísticas da Antigüidade grecorromana, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio escaso e insubstituíble que cómpre conservar.

Bloque 2. Nacemento da tradición artística occidental: a arte medieval

B2.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte paleocristiá, en relación co seu contexto histórico e cultural.

B2.2. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte bizantina, en relación co seu contexto histórico e cultural.

B2.3. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte bizantina, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

B2.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte prerrománica, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.

B2.5. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte románica, en relación co seu contexto histórico e cultural.

B2.6. Explicar a función social da arte románica, especificando o papel de clientes e artistas, e as relacións entre eles.

B2.7. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte románica, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

B2.8. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte gótica, en relación co seu contexto histórico e cultural.

B2.9. Explicar a función social da arte gótica, especificando o papel desempeñado por clientes e artistas, e as relacións entre eles.

B2.10. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte gótica, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

B2.11. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte

	<p>románica e gótica española e hispano-musulmá, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.</p> <p>B2.12. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte medieval española, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).</p> <p>B2.13. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.</p> <p>B2.14. Respetar as creacións da arte medieval, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar.</p> <p>B7.1. Utilizar a terminoloxía específica da arte nas exposicións orais e escritas, denominando con precisión os elementos e as técnicas principais.</p>	
<p>2ª AVA</p>	<p>B3.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do Renacemento, en relación co seu contexto histórico e cultural.</p> <p>B3.2. Explicar a función social da arte especificando o papel desempeñado por patróns, academias, clientes e artistas, e as relacións entre eles.</p> <p>B3.3. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do Renacemento, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).</p> <p>B3.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte española do Renacemento, en relación co seu contexto histórico e cultural.</p> <p>B3.5. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte española do Renacemento, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).</p> <p>B3.6. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do Barroco, en relación co seu contexto histórico e cultural.</p> <p>B3.7. Explicar a función social da arte especificando o papel desempeñado por patróns, academias, clientes e artistas, e as relacións entre eles.</p> <p>B3.8. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do Barroco, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).</p> <p>B3.9. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte española do Barroco, en relación co seu contexto histórico e cultural.</p> <p>B3.10. Clasificar, analizar e comentar obras</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Conceptos básicos da historia da arte.</li> <li>- As técnicas artísticas.</li> <li>- Rasgos específicos dos diferentes estilos.</li> <li>- Léxico específico.</li> <li>- Escolas, artistas e obras máis significativas.</li> </ul>

significativas da arte española do Barroco, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

B3.11. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do século XVIII, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.

B3.12. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do século XVIII, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

B3.13. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.

B3.14. Respectar as creacións da arte da Idade Moderna, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar.

Bloque 4. O século XIX: a arte dun mundo en transformación

B4.1. Analizar a obra de Goya e identificar nela os trazos propios das correntes da súa época e os que anticipan diversas vangardas posteriores.

B4.2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas de Goya, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

B4.3. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.

B4.4. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arquitectura do século XIX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

B4.5. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da pintura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.

B4.6. Explicar a evolución cara á independencia dos artistas respecto aos clientes, especificando o papel desempeñado polas academias, os salóns, as galerías privadas e os marchantes.

B4.7. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da pintura do século XIX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

B4.8. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da escultura

	<p>do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.</p> <p>B4.9. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da escultura do século XIX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).</p> <p>B4.10. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.</p> <p>B4.11. Respeitar as creacións da arte do século XIX, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar.</p> <p>B7.1. Utilizar a terminoloxía específica da arte nas exposicións orais e escritas, denominando con precisión os elementos e as técnicas principais.</p>	
<p>3ª AVA</p>	<p>B5.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais das vangardas artísticas das artes plásticas na primeira metade do século XX, relacionando cada unha delas cos seus respectivos contextos históricos e culturais.</p> <p>B5.2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da plástica da primeira metade do século XX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).</p> <p>B5.3. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura da primeira metade do século XX, relacionando cada unha delas cos seus respectivos contextos históricos e culturais.</p> <p>B5.4. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arquitectura da primeira metade do século XX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).</p> <p>B5.5. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais coma as novas tecnoloxías.</p> <p>B5.6. Respeitar as manifestacións da arte da primeira metade do século XX, valorando a súa importancia como expresión da profunda renovación da linguaxe artística na que se sustenta a liberdade creativa actual.</p> <p>Bloque 6. A universalización da arte desde a segunda metade do século XX</p> <p>B6.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura desde a segunda metade do século XX, enmarcándoa nas novas relacións entre clientes, artistas e público que caracterizan ao</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Conceptos básicos da historia da arte.</li> <li>- As técnicas artísticas.</li> <li>- Rasgos específicos dos diferentes estilos.</li> <li>- Léxico específico.</li> <li>- Escolas, artistas e obras máis significativas.</li> </ul>

<p>mundo actual.</p> <p>B6.2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arquitectura desde a segunda metade do século XX, aplicando un método que abrangan diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).</p> <p>B6.3. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais das artes plásticas desde a segunda metade do século XX, no marco das novas relacións entre clientes, artistas e público que caracterizan o mundo actual.</p> <p>B6.4. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte desde a segunda metade do século XX, aplicando un método que abrangan diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).</p> <p>B6.5. Explicar o desenvolvemento e a extensión dos novos sistemas visuais, como a fotografía, o cine, a televisión, o cartelismo ou o cómic, especificando o modo en que combinan diversas linguaxes expresivas.</p> <p>B6.6. Describir as posibilidades que abriron as novas tecnoloxías, e explicar os seus efectos tanto para a creación artística como para a difusión da arte.</p> <p>B6.7. Identificar a presenza da arte na vida cotiá, e distinguir os ámbitos en que se manifesta.</p> <p>B6.8. Respectar as manifestacións da arte de todos os tempos, valorándoas como patrimonio cultural herdado que se debe conservar e transmitir ás xeracións futuras, e explicar que é o Patrimonio Mundial da UNESCO, así como a súa orixe e a súa finalidade.</p> <p>B7.1. Utilizar a terminoloxía específica da arte nas exposicións orais e escritas, denominando con precisión os elementos e as técnicas principais.</p>	
---	--

### INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1 ou 2 probas escritas por avaliación que seguirán o modelo da ABAU	90%
Actitude, traballo diario, exercicios	10%

### CRITERIOS E PROCEDEMENTO DE CUALIFICACIÓN

Para aprobar cada avaliación haberá que ter unha nota mínima dun 5. A nota final da materia calcularase a partir da media aritmética das avaliacións, sempre e cando estean aprobadas ou excepcionalmente unha das avaliacións teña un 4. En cada avaliación realizarase una recuperación para aqueles alumnos que non teñan acadado unha cualificación de 5. Nesta proba examinaranse de todos os contidos traballados na devandita avaliación.

## ESCENARIOS POSIBLES EN FUNCIÓN DA EVOLUCIÓN SANITARIA. ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL

Segundo o recollido nas instrucións remitidas aos Centros para a elaboración da programación do curso 2020-21 a presente programación do Departamento de Xeografía e Historia, contempla dous escenarios posibles en función da evolución sanitaria: actividade lectiva presencial e non presencial. Recollemos de seguido, os criterios fundamentais para este último escenario de non presencialidade, tanto total, como parcial.

### 1. Ensino non presencial. Ferramentas e metodoloxías de traballo.

Se a declaración de casos positivos no Centro levase á necesidade de activar un escenario de aprendizaxe non presencial, aplicaranse as medidas recollidas non plan de continxencia do centro que contempla, entre outros, os seguintes aspectos:

A aula virtual e g suite serán as plataformas de traballo ordinarias para o desenvolvemento da educación a distancia, tanto naqueles casos puntuais, con aquel alumnado que parcialmente estea en situación de corentena, cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería.

Os traballos programados recolleranse na aula virtual e/ou en g suite –tarefas ou actividades- Incluirán: resolución de problemas, comentarios de texto, pequenas investigacións e diferentes exercicios de reforzo e recuperación.

Pola súa banda, as metodoloxías a aplicar neste escenario, requiren complementar estas plataformas coas outras ferramentas corporativas que está a poñer a nosa disposición a Consellería. En primeiro lugar a plataforma para videoconferencia Falémos e o Meet de g suite para o contacto co alumnado e a presentación e desenvolvemento das actividades propostas.

Ao comezo de cada semana se informará a cada grupo dos traballos programados, sen esquecer as particulares situacións individuais. Ao final de cada xornada farase balance e darase resposta dos exercicios ou actividades subidas e corregidas.

Tarefas/actividades e formatos empregados:

Nun escenario de confinamiento parcial ou total a nosa programación procurará reforzar cada unha das unidades cun maior número de recursos relacionados cos estándares de aprendizaxe. Así, todas as unidades subidas as plataforma da Aula Virtual poden contar con: presentacións -en power point- dos contidos asociados aos seus estándares de aprendizaxe; textos resume –en formatos docx e pdf-; así como, diferentes arquivos audiovisuais –youtube preferentemente. Finalmente, todas as unidades complétanse cun bloque de exercicios e actividades, baixo diferentes soportes e cun deseño apoiado en aprendizaxes competenciais.

Ditas actividades propostas baixo diversos formatos, responden a diversas tipoloxías: Exercicios interativos autocorrexibles. Fichas de repaso,..... Finalmente, sinalar que se realizará un deseño de actividades de reforzo e fixación de aprendizaxes para aquel alumnado con maiores dificultades.

Procedementos de avaliación:

Na recompilación das “evidencias de aprendizaxe” empregaranse ferramentas comúns de avaliación competencial que faciliten a análise das tarefas e da resolución individual de actividades, así como a redacción e a presentación de traballos escritos.

Estes serán avaliados, preferentemente a través de “rúbricas” ou guías moi sinxelas.

Instrumento que facilita a valoración do desempeño do alumnado ao realizar calquera das actividades ou tarefas propostas.

As probas escritas ou orais como instrumento de avaliación tamén se aplicarán acomodando

a súa realización ás condicións de non presencialidade mediante algunha solución técnica -gravación,

tempos tasados, etc.- previamente consensuados co alumnado. Non obstante, estas probas serán, nestes escenario de confinamento- moi limitadas.

## 2. Alumnado con dificultades para o ensino telemático.

Para garantir o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática por non dispoñer de acceso a rede ou non teña equipos informáticos o noso centro, dentro do plan de continxencia, ten previsto despregar as oportunas medidas para ofrecer ás familias con tales dificultades, os medios informáticos básicos. Nos casos identificados, desde o Departamento farase un seguemento pormenorizado do uso destes equipos e das posibles dificultades que poidan xurdir, para que, se fora necesario, complementar outras medidas de xeito coordinado co departamento de orientación; tales como, achegarlles en formato papel aqueles contidos e recursos esenciais para seguir o desenvolvemento do curso.